

OURENSE, A OITO DE NOVEMBRO DO DOUS MIL VINTECATRO.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 48-2024 / TEMPADA 2024-25

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA MASCULINA; ABOSULUTA

Equipos participantes: RC NAÚTICO DE VIGO - CW PABELLÓN OURENSE

Día, hora e lugar: 3-11-24; 16:30; CLUB NAÚTICO DE VIGO

FEITOS

ÚNICO: O día 4/11/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"No minuto 1:38 do terceiro período, expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador número 2 visitante, DANIEL GALLEGO FORTES, por nadar con forza desproporcionada sobre un contrario nun lance do xogo e golpear accidentalmente a súa cabeza contra o brazo. Ao rematar o partido, descúlpase co equipo arbitral."

FEITO SEGUNDO: O día 5 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles

FEITO TERCEIRO: Non se realizaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7.2 epígrafe "A": *A lixeira incorrección no comportamento en probas ou período de concentración dos equipos galegos.*

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras: Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

RESOLUCIÓN

Impor a DANIEL GALLEGO FORTES, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

SANCIÓN LEVE, computada no seu grado mínimo, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO DE CALQUERA CATEGORÍA.**

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuíz Único Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente